



INFORMA

CIG-SAÚDE NON ASINA O "ACORDO DE INTENCIONS" DO SERGAS

CIG-Saúde pon en valor as propostas realizadas polo SERGAS pero son insuficientes para asinar o acordo de intencións.

CIG-Saúde compromete a súa vontade negociadora para acadar un Plan de Ordenación que consolide un modelo de Atención Primaria que permita desenvolver o traballo das e dos profesionais e dar a calidade asistencial que a cidadanía nos demanda.

O acordo recolle aspectos importantes que dan resposta a moitas das demandas de **CIG-Saúde**, pero considera que non son suficientes e non pode asinar un Acordo de Intencións co SERGAS.

CIG-Saúde está disposta a asinar un acordo de Plan de Ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria que realmente dea resposta á situación actual e que permita mudar o día a día das e dos profesionais, e volver a facer atractivo o traballo na Atención Primaria para todas as categorías profesionais que a conforman actualmente e as que se incorporen no futuro.